

## **ACTA Nº 8/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS**

En Santiago de Compostela, sendo as trece horas do día 21 de decembro de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, na aula nº 1 Manuel Colmeiro da Escola Galega da Administración Pública, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas que a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

### **ASISTENTES:**

Presidente: Victor Gallego Víncent, subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

### **Pola Administración:**

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Elena García González.  
C. de Presidencia, Administracións, Públicas e Xustiza: Beatriz Fernández Fraga.  
C. de Economía e Facenda: J.Carlos Carid Fernández e María Dolores Rodríguez Amaya.  
C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Juan S. López Lagares.  
C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras  
C. Innovación e Industria: Mª Dolores Rancaño Osorio e Carlos Fagín Taboada.  
C. Medio Rural: Eleutino Álvarez Álvarez.  
C. de Cultura e Deporte: Miguel Ares Casal.  
C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Mª Lourdes Batán Aira.  
C. de Traballo: Victor Tubío Villar.

### **Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:**

CIG: María García Cao e Alexandre Prieto Giraldes.  
CC.OO: Oscar Briones Gamarra, Pedro Méndez Gil e María Peteiro Carreira (Asesora).  
UGT: José Francisco Nuñez Rodríguez e Antonio País Andrade.  
CSI-CSIF: José Sánchez-Brunete Varela, Álvaro Aldemira Requejo, Álvaro Fernández Baamonde e Alberto Gallego Gutiérrez.

**Secretaria:** María Luisa Cardesín Díaz, xefa do Servizo de Relacións Laborais, da Dirección Xeral da Función Pública.

### **ORDE DO DÍA:**

**Punto primeiro:** Lectura e aprobación se procede, da acta nº 7/2007, correspondente á sesión anterior.

**Punto segundo:** Criterios para definir a especial responsabilidade e o carácter directivo de postos de traballo da Xunta de Galicia.

**Punto terceiro:** Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A).

**Punto cuarto:** Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

**Punto quinto:** Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia (grupo A).

**Punto sexto:** Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do Corpo Facultativo de Grao Medio da Xunta de Galicia (grupo B).

**Punto sétimo:** Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala de Inspección Urbanística.

**Punto oitavo:** Rogos e preguntas.

**Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta nº 7/2007, correspondente á sesión anterior.**

A representación da organización sindical UGT solicita que se remitan xunto coas actas os escritos incorporados a elas como anexos.

A representación da organización sindical CSI-CSIF realiza a seguinte alegación:

- No punto sétimo debe constar que a súa organización temén está en desacordo coa resolución do tribunal do corpo auxiliar (grupo D), pola que se establece que a nota de corte do primeiro exercicio virá determinada pola del aspirante que quede clasificado co número 300.

Non realizándose máis alegacións, apróbase por unanimidade a acta coa anterior rectificación.

**Punto segundo: Criterios para definir a especial responsabilidade e o carácter directivo de postos de traballo da Xunta de Galicia.**

\*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Está de acordo co que se establezan uns criterios para definir a especial responsabilidade e o carácter directivo dos postos.
- Considera insuficiente o tempo concedido para estudar a proposta.
- Non está de acordo cos criterios establecidos; entende que deben matizarse. En todo caso rexeita que as habilitacións sexan de libre designación.
- Non se regulamenta a forma de concurso que se vai a aplicar para a cobertura dos postos que pasen de adjudicarse por libre designación a adjudicarse por concurso. Está cuestión a considera moi importante.
- Solicita que se retire da orde do día este punto e se cre unha comisión de estudo e seguimento para o efecto. O traballo desta mesa podería levarse á Comisión de Persoal sen necesidade de pasar por máis mesas de negociación.

\*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- A proposta debeu ser debatida antes de trala á mesa.
- Criterio 1.1: Debe limitarse aos postos nos que se exerza responsabilidade directa, concretándose esta co rango xerárquico de Xefatura de Servizo do Rexistro/Arquivo do que se trate.

1.2: Se o que se pretende é incluír os postos de secretario/a de alto cargo (Director Xeral a Conselleiro), está de acordo aínda que entende que debe darselle outra redacción. En ningún caso poden incluírse postos de asesoramento pois esa é a función propia do persoal eventual.

- Criterio 2: Esa representación a exercen os subdirectores, que acceden ao seu posto por libre designación segundo a lei. Ademais hai outro tipo de persoal de confianza (chefes de gabinete) que pode facer este servizo a falta de alto cargo ou subdirector.

- Criterio 3: A libre designación é innecesaria. Neste tipo de postos deben prevalecer os criterios técnicos sobre os políticos. Lembra que o concurso dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galicia tivo que repetirse por mandato dos tribunais, por contemplar como de libre designación as prazas de Xefes dos Servizos de Zona.

- Criterio 4: Non ten nada que opoñer.

- Criterio 5: As funcións están pouco definidas. En ningún caso debense incluír os xefes de servizo de informática e os de persoal.

- Criterio 6: As habilitacións de nóminas deben adjudicarse por concurso. Neste extremo non transixirán.

- Criterio 7.1: Non considera xustificada a inclusión nin pola súa especial responsabilidade nin polo seu carácter directivo específico.

7.2: Solicita a súa limitación ao posto de coordinador autonómico dos Centros de Investigación e Innovación que podan supoñer unha vantaxe competitiva para Galicia.

7.3: A inclusión tampouco está xustificada.

- Considera fundamental que o persoal que estivese ocupando postos de libre designación que pasen a proverse por concurso sexa cesado, sen prexuízo de que sexa adscrito provisionalmente a aqueles en tanto non se resolva o concurso convocado para o efecto.

\*Intervén o representante da organización sindical **UGT**, facendo as seguintes observacións:

- Son conscientes da necesidade dun acordo.

- A proposta é moi xeral.

- As habilitacións non deben ser de libre designación.

- Remítese ás alegacións presentadas por escrito con anterioridade.

- O postos de libre designación deben negociarse para cada RPT.

- Ten que constituírse unha mesa de seguemento.

\*Intervén o representante da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- É necesario establecer criterios para definir a especial responsabilidade e o carácter directivo dos postos de traballo.

- Non se concedeu o tempo necesario para estudar a proposta da Administración.

- Non admite que as habilitacións se adjudiquen polo sistema de libre designación.

- Solicita que se retire este punto da orde do día.

O Sr. presidente non acepta a proposta de retirar o punto da orde do día pero non rexeita continuar a negociación ata a Comisión de Persoal na que se trate este asunto. Non é seguro que se inclúa na orde do día da próxima comisión.

As organizacións sindicais aceptan continuar a negociación e solicitan que non se leve á reunión prevista para o día 27 de decembro.

A representación da organización sindical CCOO pregunta si se contestarán as alegacións feitas á proposta de Administración.

O Sr. presidente responde afirmativamente.

**Punto terceiro: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A).**

O Sr presidente cede a palabra á Sra. Eduarda Varela Castro, subdirectora xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal quen manifesta que, tralas reunións previas coas organizacións sindicais se introduciron os seguintes cambios:

- Punto II.1.1.1- O cuestionario será de 120 preguntas tipo test (antes 150).
- Anexo I.- Suprímese a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (Titulo preliminar, Libros I e II ) e o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
  - Inclúese a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.
- Anexo II.Parte Común:
  - Tema 41: Suprímense os tres últimos epígrafes: Nulidade de pleno dereito. Anulabilidades. Revogación.
  - Tema 52: No penúltimo epígrafe inclúese entre parentese (suxeitos, obxecto e destino). O último epígrafe suprímese.
  - Tema 54 divídise en dous. Mantén o número 54 os catro primeiros epígrafes e pasan a integrar o tema número 55 os cinco restantes.
  - O tema 56 suprímese.
- Anexo II. Opción xurídica:
  - O tema 35 suprímese.
  - O tema 40 refúndese co tema 41 e queda integrado polos seguintes epígrafes: A Lei de Patrimonio da Comunidde Autónoma de Galicia. O dominio público: clasificacións. Afectación, desafectación e mutacións demaniais. Réxime xurídico do dominio público:inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade.

\*Intervén a representación da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- A premura coa que se convocou a mesa para o estudo das bases non permitiu prepararse abondo.
- Se aprecian moitas diferenzas entre unhas convocatorias e outras. Terían que ser máis uniformes.
- O sistema de selección debe ser o concurso-oposición. Esta é condición imprescindible para acadar un acordo.
- A EGAP debe elaborar temarios en galego.
- Tódolos exames realizaranse en galego.
- O aprobado nos exames tipo test debe acadarse respondendo correctamente o 50% das preguntas.
- Nos exames nos que se permita usar lexislación a Administración debe facilitala.
- Rexeita a lectura pública dos exercicios porque non garante o anonimato do/a opositor/a.
- Se o exercicio non é tipo test, os/as opositores/as que o soliciten deben poder comparar o seu exame cos de aqueles que obteñan a puntuación maior e a menor.

- En tódalas convocatorias débese especificar a lexislación que vai a afectar ao proceso selectivo.
- Suxire, para as convocatorias posteriores a esta que se suprima do temario a división entre opción económica e xurídica dado que carece de toda operatividade.
- Nesta convocatoria o segundo e o terceiro exercicio ten prevista lectura pública. Solicítase que só se lea un deles. De non aceptarse esta proposta interesan que o suposto práctico sexa tipo test.

\*Intervén a representación da organización sindical **CCOO**, suliñando a dificultade de estudar a proposta no tempo con que se contou e facendo as seguintes observacións:

- O sistema de selección debe ser o concurso-oposición.
- A nota de corte debe estar fixada nas bases da convocatoria.
- O tempo para a realización do primeiro exercicio debe aumentarse ata 150 minutos.
- O/A opositor/a debe poder elixir a proba que realizará en galego.
- Debe aclararse que textos normativos serán obxecto do exame no caso de que se produza algunha modificación con posterioridade á publicación da convocatoria.
- Tódolos exercicios deben ser tipo test e de non ser posible eliminarase a lectura pública.
- Deben incluírse a Lei de prevención de riscos laborais nas normas de dereito positivo sobre as que versará o primeiro exercicio.

\*Intervén o representante da organización sindical **UGT**, facendo as seguintes observacións.

Respecto a tódalas bases das convocatorias:

- Tódalas probas deben ser tipo test. O tempo de realización do exercicio debe permitir dedicar un mínimo de un minuto a cada item.
- Os temarios ten que ser elaborados pola EGAP.
- A promoción interna realizarase separadamente.
- O sistema de selección será o concurso-oposición.
- A nota de corte predeterminarase na convocatoria.
- O/A opositor/a debe poder elixir a proba que realizará en galego.
- O exercicio práctico debería ser tipo test, con manexo libre de material lexislaivo e acceso a Internet.

Respecto ao proceso selectivo para o acceso ao corpo superior de Administración:

- O sistema de selección debe ser o concurso-oposición; ten que utilizarse o mesmo sistema nas convocatorias de acceso aos distintos grupos.
- A baremación da fase de concurso debería facerse conforme ao anexo das alegacións remitidas á Dirección Xeral da Función Pública.
- No primeiro exercicio se efectuará un sorteo entre varias propostas de exame.
- O tempo previsto para a realización do exercicio é adecuado ao número de ítems.
- As probas non deberían iniciarse antes do 1 de xuño de 2008.
- O/a opositor/a terá a posibilidade de elixir que proba realizará en galego.
- A nota de corte predeterminarase na convocatoria.
- O segundo exercicio debería ser tipo test. Como variante deste exercicio e do terceiro, pódense facer, nesta proba e na seguinte, dous test, sobre as dúas partes do temario.
- Para preservar o anonimato do opositor a lectura debe realizala o tribunal.
- Debe preverse a posibilidade que o/a opositor/a realice un control comparativo para o que se lle dará acceso aos exercicios con maior e menor nota dos que resulten aprobados.

- De manterse a lectura pública, gravarase en video.
- O terceiro exercicio debe ser tipo test. Como se dixo, pódense facer dous test sobre as dúas partes do temario.

Remítese de novo ás alegacións presentadas perante a Administración durante a negociación e solicitan a súa incorporación a acta.

O Sr. presidente accede ao solicitado.

\*Intervén a representación da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- O estudo das bases elaboradas pola Administración precisaban máis tempo do que se concedeu as organizacións sindicais.
- O sistema de selección debería ser o concurso-oposición ao igual que nas convocatorias para os grupos D e E. Este punto o consideran innegociable.
- Tódolos exercicios deben ser tipo test. Os técnicos non necesitan acreditar dotes expositivas.
- A EGAP ten que elaborar os temarios en galego e/ou castelán.
- Tódolos exercicios poderánse desenvolver en galego ou castelán a elección do/a opositor/a. Considerán que a proba específica de galego acredita suficientemente o coñecemento da lingua.
- Os exames sortearanse entre distintas propostas do tribunal.
- O segundo exercicio debería suprimirse; de manterse será tipo test e realizarase simultaneamente co primeiro exercicio.
- Aceptación da superación das probas de acceso para maiores de 25 anos como requisito válido para o acceso ao grupo C.
- A data de comezo das probas será como mínimo o 1 de xuño.
- O número de leis obxecto do primeiro exercicio parécelle excesivo. Considera que se deben eliminar da listaxe as seguintes:
  - . Decretos 92, 93, 94 e 95/1991 Suscita dúbidas a vixencia dalgúns preceptos por estar en contradición con leis posteriores.
  - . Regulamento do Parlamento de Galicia. O estudo desta regulación compete a un corpo especial ao servizo da cámara.
  - . Tódalas leis en materia de igualdade é demasiado; abonda a lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
  - . Lei 47/2003, xeral orzamentaria da Administración do Estado. Abonda estudar o réxime económico e financeiro da comunidade autónoma.
  - . Lei do Consello de Estado e Tribunal de Contas. A comunidade autónoma conta cos seus propios órganos. Supresión do tema 74: o modelo económico español.
  - . No que se refire ao dereito comunitario é desproporcionado exixir os dous tratados.
  - . Lei Orgánica do Poder Judicial: os preceptos incluídos ten máis que ver coa actividade judicial que coa administrativa.
- O temario precisa unha reordenación. Hai temas repetidos.

\*Intervén a Sra. subdirectora xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, que manifesta:

- Polo que respecta á modificación dos temarios, considera que introducir neste momento grandes cambios sería prexudicial para os/as opositores/as. Está previsto revisalos cara aos seguintes procesos selectivos. Lembra que se pediu ás organizacións sindicais que nomeasen representantes

para estudar os temarios e melloralos e só CSIF designounos. A subdirección mantén o seu propósito; os traballos iniciaránse a mediados de xaneiro comezando polos temarios correspondentes ao Corpo Superior de Administración da Xunta.

- Polo que respecta á queixa de que se entregou a documentación con pouco tempo, explica que se debe a que a subdirección non conta con suficiente persoal.

**Punto cuarto: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).**

O Sr presidente cede a palabra á Sra. subdirectora xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal, quen manifesta que, tralas reunións previas coas organizacións sindicais se introduciron os seguintes cambios:

- Punto I.2.3. Inclúese ao final do primeiro parágrafo: ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos.

- Punto II.1.1.1. Substitúese os tres primeiros parágrafos polo seguinte: Primeiro exercicio de carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta preguntas tipo test, máis seis de reserva, con catro respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta, correspondentes ao contido do programa que figura como anexo I da convocatoria.

O tempo máximo de duración será de 90 minutos.

- Punto II.1.1.2. O segundo exercicio, de carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de carácter práctico de cincuenta preguntas tipo test, máis tres de reserva, con catro respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta, correspondentes ao contido do programa que figura como anexo I da convocatoria.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de 90 minutos.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate. No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración, farase público no lugar de realización do exercicio o modelo do test, indicando as respostas correctas exixidas para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Con posterioridade á realización do exercicio, publicarase na páxina web da Xunta de Galicia o cuestionario no que consistía o exercicio.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados. O tribunal excluírá aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do/a opositor/a.

Punto II.1.3. Suprímese o último inciso referido á exposición do segundo exercicio.

Anexo I: -Tema 31: Introdúcese como terceiro epígrafe o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

-Tema 35: Engádese: O consello, a comisión, o parlamento, o tribunal de xustiza e o tribunal de contas.

\*Intervén o representante da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- Conforme cos cambios introducidos na titulación de acceso e no tipo de exames.

- O sistema de selección será concurso oposición. Isto é imprescindible.

- Respecto dos temarios:
  - A segunda parte do tema 16 é igual ao tema 17.
  - Suprimirase o tema 47.
  - Acortarase un pouco o tema 30.
  - Suprimiranse os temas 37,38,39 referentes ao ordenamento español.
  - No tema 27 eliminarase a primeira parte Bases do Réxime xurídico. A xestión do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
  - No tema 33, sobre Seguridade Social, suprimirase a parte referida a prestacións.

\*Intervén o representante da organización sindical **CCOO** facendo as seguintes observacións:

- Os cambios nos títulos de acceso e nos tipos de exame son conformes as súas pretensións.
- O sistema de selección será o concurso-oposición con fixación da nota de corte.
- A proba a realizar en galego poderá ser escollida polo/a opositor/a.
- Eliminarase o tema 47.

\*Intervén o representante da organización sindical **UGT**, facendo as seguintes observacións:

- Mantén as alegacións feitas con carácter xeral para tódalas bases.
- O sistema de selección debe ser concurso-oposición.
- A baremación da fase de concurso debe facerse segundo figura no anexo das alegacións presentadas.
- Os exames non deben comezar antes do 1 de xuño de 2008.
- O test sortearase entre os modelos propostos polo tribunal.
- As demais que figuran no escrito de alegacións.

\*Intervén a representación do **CSI-CSIF** facendo as seguintes observacións:

- O concurso oposición é imprescindible.
- A EGAP elaborará os temarios.
- O/A opositor/a poderá realizar os exercicios en galego ou castelán á súa elección.
- Elección dos temas obxecto de exame por sorteo entre varios propostos polo tribunal.
- Os exames non comezarán antes do 1 de xuño de 2008.

Respecto dos temarios:

- Nos temas 22 e 23 especificarase si se refiren ao Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño ou a Lei 30/2007, de 20 de outubro, do contratos do Sector Público
- Nos temas 34 e 35 especificarase a que tratados se refiren e se inclúe o Tratado de Lisboa.
- Deben suprimirse os temas 47 e 48 por ter quedado obsoletos.
- En materia de igualdade abonda a Lei orgánica 3/2007

\*Intervén a representación da CIG, que manifesta:

- Existe unha versión consolidada do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea do ano 2006. Poderíase recoller esa.

**Punto quinto: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do Corpo Facultativo Superior da Xunta de Galicia (grupo A).**



O Sr presidente cede a palabra á Sra. subdirectora xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal, quen manifesta que, tralas reuniónes previas coas organizacións sindicais se introduciron os seguintes cambios:

-Punto II.1.2.Introdúcese ao final do primeiro parágrafo: procurando a debida proporción entre as distintas partes do programa.

- Punto II.3.1.5.Suprímese a referencia á Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo.

- Punto III.3.2.2. Introdúcese entre parentese e a continuación de persoal contratado administrativo: neste último caso, os previstos polo artigo 6 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polo que se aproba o texto articulado da lei de funcionarios civís do Estado.

- Anexo IV. Parte específica da Escala de Enxeñeiros/as de Caminos, Canais e Portos:

- Tema 16. Queda integrado polos seguintes epígrafes: Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. Competencias das Administracións Locais.

- Tema 21. Engádese como último epígrafe O Saneamento.

- Anexo IV. Parte específica da Escala de Enxeñeiros/as de Montes:

- Tema 13. Suprímese o último epígrafe: A empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, SA.

\*Intervén o representante da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes alegacións:

Con carácter xenérico para a escala de inspección urbanística e tódolos corpos facultativos:

- A promoción interna debe ser separada. Reservarase para a promoción interna o 50% dos postos como mínimo. Os que non se cubran ofertaranse na seguinte convocatoria desta quenda.

- A promoción interna debe ser vertical e horizontal . O acceso debe quedar aberto a tódalas demais escalas e corpos, e tanto ao grupo A como ao B.

Para as Escalas do Corpo Facultativo superior:

- O tempo axeitado para realizar o primeiro exercicio é de catro horas e media e para o segundo de catro horas. Este último exercicio debe ser tipo test.

- Polo que respecta á fase de concurso:

1. Na quenda de promoción interna:

- Os servizos prestados valoraranse a razón de 0,04 puntos/mes se se prestaron na Xunta de Galicia e 0,02 se se prestaron noutras Administracións.

- No apartado de grao persoal consolidado debe valorarse unicamente ata o nivel 26, empezando no nivel 16 ao que se outorgarían 1,5 puntos e posteriormente 0,1 puntos por cada nivel superior.

- No apartado de traballo desenvolvido no grupo B, valoraranse os postos de traballo non incluídos no intervalo de niveis correspondentes ao grupo A, con 0,10 puntos por ano completo.

-No apartado de cursos de formación e perfeccionamento subirase a puntuación máxima ata 2 puntos. Para obter este medio punto a maiores pódese baixar do apartado conciliación.

2. Na quenda de acceso libre:

- Debe quedar claro que quen puntúe pola base II.3.2.1. non poderá puntuar por ningún outro punto desta base.
- Respecto á base II.3.2.2. eliminar os méritos para os contratados administrativos.
- Na base II.3.2.4. os puntos deben ser 0,10 por mes ou fracción.
- Incluirase nesta quenda méritos por cursos de formación e perfeccionamento.

\*Intervén o representante da organización sindical **CCOO**, que fai as seguintes observacións:

- A promoción interna debe ser separada.
- Debe fixarse nas bases a nota de corte.
- A data de inicio das probas retrasarase canto se poda e será a mesma para tódolos procesos selectivos.
- No primeiro exercicio debe especificarse o número de preguntas da parte xenérica e as da parte específica, de xeito que o número de preguntas da quenda de promoción interna sexa menor, porque de non ser así os aspirantes da quenda de promoción interna examinaríanse dun maior número
- No segundo exercicio debe aclararse se vai ser tipo test ou de preguntas cortas. Ademais debe incrementarse o tempo para a súa realización.
- Na proba de galego debe especificarse se a traducción será dun texto técnico ou non.
- Deben acotarse as publicacións estatísticas que serán tidas en conta á hora de elaborar as preguntas.
- Os epígrafes do tema 9 da parte común resultan ambiguos. Tería que facerse referencia expresa ao Estatuto Básico do Empregado Público.

Escala de arquivos:

- Os postos reservados á promoción interna non acadan o 25% do total. Un de cinco supón o 20%.
- Dentro da proba práctica e para evitar que se favoreza aos traballadores dun determinado centro, debe concretarse que o suposto versará sobre a descrición normalizada de documentos históricos e documentos contemporaneos.

A Sra. subdirectora xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de persoal manifesta que se gardará proporcionalidade entre as distintas partes.

Escala de telecomunicacións:

- O temario foi elaborado para o proceso selectivo do ano 2001 e non se revisou polo que os desfases son evidentes. O tema 2 fai referencia a un plan estratéxico 1999-2003, o 6 ao plan Feder 2000-2006, o 8 ao Real decreto lei 7/2000 que está derogado, o 10 titúlase “Lei xeral de telecomunicación. Trámite parlamentario” e xa está en vigor, o tema 11 “Infraestructura no interior dos edificios. Problemática regulatoria” e está regulamentada desde o ano 2003, o tema 27 fai referencia á axenda do ano 2000, non se recolle o Plan Técnico Nacional da TDT, nin da radio dixital, nin os regulamentos das televisións locais nin a Red Tetra.
- Recoñece que o anterior non é imputable á Dirección Xeral da Función Pública senón ás consellerías ás que se lles deu traslado.
- Achegarán observacións pormenorizadas.

\*Intervén o representante da organización sindical **UGT** que manifesta a súa satisfacción coas modificacións introducidas tralas reunións previas e fai as seguintes observacións:

- A promoción interna debe ser separada.
- Reservaranse o 50% dos postos para esta quenda.
- O primeiro exercicio sortearase entre varias propostas do tribunal.
- Concederanse 135 minutos como mínimo para contestar as 120 preguntas do primeiro exercicio.
- As probas no se iniciarán antes do 1 de xuño de 2008.
- O/A opositor/a relizará en galego o exercicio da súa elección.
- Na base II.1.2 prevese que o segundo exercicio consistirá na resolución dun suposto práctico de desenvolvemento. Solicitan que se substitúa por un test ou, no caso de que non se acepte, que o/a opositor/a teña a posibilidade de comparar o seu exercicio coa maior e a menor nota dos aprobados.
- Na base II.2.4. debe contemplarse que tamén o aspirante que sufra un accidente poda realizar as probas nun lugar alternativo, obter un aprazamento ou ámbalas dúas cousas.
- Na base II.3.2 deberían valorarse as titulacións que se teñen a maiores - universitarias,... - e os cursos por horas.
- Respecto á base II.1.2 solicitan que tamén se publique na web da Xunta a resolución dos supostos con explicación dos criterios a seguir para valoralos.

\*Intervén o representante da organización sindical **CSI-CSIF**, solicitando que as modificacións relacionadas pola subdirectora xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de Persoal sexan facilitadas a maior brevidade para o seu estudo.

Fai as seguintes observacións:

- A promoción interna debe ser separada.
- Reservarase o 50% dos postos a esta quenda.
- Pregunta si desaparece a puntuación dos cursos de idiomas.
- No tema dedicado á función pública debería facerse referencia expresa ao EBEP.
- Debe indicarse a fonte dos datos estatísticos que se tomará como referencia.
- Respecto ao exame de galego piden que se aclare se o texto a traducir será de carácter técnico ou xeral.
- O segundo exercicio será tipo test.
- O/a opositor/a terá liberdade para realizar os exercicios en galego ou castelán.
- Solicitan que se unan as alegacións xerais doutras convocatorias.
- As consellerías que elaboraron os temarios deberon consultar coas organizacións sindicais:

- Biólogos- Aínda que saben que non se pode cambiar a titulación requirida na convocatoria entenden que deberían ter acceso os titulados en ciencias do mar.

\* Intervén a **Sra. subdirectora xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal** para recordar que a titulación a establece a lei de creación da escala.

\* Continúa a representación da organización sindical **CSI-CSIF**:

-Agrónomos-Deben suprimirse os temas 10, 25, 7 (non é competencia da escala) e 24 (está incluído na segunda parte do tema 32).

-Debe precisarse a fonte de consulta para os datos estatísticas.

- Bibliotecas – O tema 3 é moi específico.

O Sr. presidente di que presente as súas alegacións por escrito e que se verán antes da Comisión de Persoal.

- En xeral os temarios denotan falta de interese das consellerías implicadas. Detéctasen desfases moi evidentes como as referencias á Axenda 21 e ao Infoga, xa derogados.

\* Intervén a organización sindical **CCOO** para solicitar que se dea traslado ás consellerías das alegacións presentadas aos temarios.

\* O Sr. presidente contesta que o farán en canto remate a reunión para que revisen os temarios.

**Punto sexto: Orde do ...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do Corpo Facultativo de Grao Medio da Xunta de Galicia (grupo B).**

O Sr presidente cede a palabra á Sra. subdirectora xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal quen manifesta que tralas reunións previas coas organizacións sindicais se introduciron os seguintes cambios:

- Punto II.2.2. Introdúcese entre paréntese e a continuación de persoal contratado administrativo: neste último caso, os previstos polo artigo 6 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polo que se aproba o texto articulado da lei de funcionarios civís do Estado.

- Anexo IV. Parte específica da Escala de Enxeñeiros/as. Introdúcese antes da relación de temas o seguinte: Como fonte de consulta para os datos estatísticos terase en conta o anuario de estatística agraria 2004.

\*Intervén o representante da organización sindical **CIG** que, tras destacar a falta de coherencia entre as distintas convocatorias e remitirse ás alegacións que presentan por escrito, fai as seguintes observacións:

- Os exames realizaranse en lingua galega.

- O tempo axeitado para realizar o primeiro exercicio é de dúas horas e para o segundo de catro horas. Este último exercicio debe ser tipo test.

- Os aspirantes seleccionados pola quenda de promoción interna non deben manterse obrigatoriamente nos postos que estaban ocupando con anterioridade; ten que ser opcional.

Polo que respecta a fase de concurso:

- Remítese ás alegacións realizadas neste extremo ás bases correspondentes ás escalas do grupo A.

- No apartado de grao persoal consolidado débese empezar no nivel 14, outorgándolle 1,6 puntos con intervalos de 1,5 puntos por cada grao superior.

- No apartado de traballo desenvolvido no grupo C, valoraranse os postos de traballo non incluídos no intervalo de niveis correspondentes ao grupo B, con 0,10 puntos por ano completo.

\*Intervén a representación da organización sindical **CCOO**, facendo as seguintes alegacións:

- A data de inicio das probas será a mesma para tódolos procesos selectivos.

- No primeiro exercicio debe especificarse o número de preguntas da parte xenérica e as da parte específica, de xeito que o número de preguntas da quenda de promoción interna sexa menor, porque de non ser así os aspirantes da quenda de promoción interna examinaríanse dun maior número de preguntas da parte específica que os de libre.
- No segundo exercicio debe aclararse se vai ser tipo test ou de preguntas cortas. Ademais debe incrementarse o tempo para a súa realización.
- Na proba de galego debe especificarse se a traducción será dun texto técnico ou non.
- Modificarase o baremo para o acceso mediante promoción interna en canto ao grao persoal posto que se chega ao tope co nivel 24, cando os funcionarios do grupo C poden consolidar o 25.
- Deben acoutarse as publicacións oficiais de carácter estatístico que se terán en conta para elaborar as preguntas.
- O tema 6 relativo ao persoal ten unha redacción moi ambigua e non fai referencia ao Estatuto Básico do Empregado Público.

Escala de arquivos:

- Reproduce á alegación feita ao suposto práctico na Escala Facultativa Superior de Arquivos.

\*Intervén a organización sindical **UGT**, facendo as seguintes alegacións:

- A promoción interna debe ser separada.
- Reservarase o 50% dos postos para esta quenda.
- O primeiro exercicio sortearase entre varias propostas do tribunal.
- As probas non se iniciarán antes do 1 de xuño de 2008.
- O/A opositor/a relizará en galego o exercicio da súa elección.
- O segundo exercicio debe ser tipo test ou, no caso de que non se acepte, incrementarse o tempo máximo para desenvolvelo ata tres horas e se lle dará ao/a opositor/a a posibilidade de realizar un control comparativo.
- Para a realización do suposto práctico o/a opositor/a poderá utilizar materiais bibliográficos e/ou informáticos. Facilitarase o acceso a internet.
- Na base II.2.4. debería contemplarse que tamén o aspirante que sufra un accidente poda realizar as probas nun lugar alternativo, obter un aprazamento ou ámbalas dúas cousas.
- Na base II.3.2 (acceso libre) deberían valorarse as titulacións que se teñan a maiores - universitarias,...- e os cursos de formación por horas.

\*Intervén a representación da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

- As realizadas ás bases das convocatorias para o acceso ás escalas do grupo A.
- Respecto ao exame de galego entende que o texto a traducir será de carácter xeral e non técnico.
- O segundo exercicio será tipo test e concederase máis tempo para realizalo.
- Indicarase a fonte dos datos estatísticos.
- O coñecemento de idiomas puntuarase na fase de concurso.
- A data de inicio das probas debe ser a mesma para tódolos procesos selectivos.

En relación á convocatoria para o ingreso no corpo facultativo de enxeñeiros técnicos forestais preguntan por qué se inclúen temas relacionados coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

\* A Sra. **subdirectora xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de Persoal** contesta que o temario fai referencia a unha escala e non a postos concretos dunha consellería.

Pola organización sindical se di que as probas ten que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

\* A Sra. **subdirectora xeral de Provisión de Postos de Traballo e Selección de Persoal** contesta que a escala está en Medio Ambiente e non en Medio Rural.

A organización sindical quere poñer de manifesto o desinterés que ao seu xuízo demostrou a Consellería de Medio Rural.

O Sr. presidente di que se verán as alegacións antes da Comisión de Persoal e se darán explicacións no que non se acepte, pero non por escrito.

**Punto sétimo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), Escala de Inspección Urbanística.**

O Sr presidente cede a palabra á **Sra. Subdirectora Xeral de Provisión do Postos de Traballo e Selección de Persoal**, quen manifesta que tralas reuniónes previas coas organizacións sindicais se introduciron os seguintes cambios:

- Punto II.1.1. Inclúense os seguintes textos de dereito positivo na opción xurídica e na opción técnica: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Inclúense os seguintes textos de dereito positivo na relación dos que están exentos os aspirantes procedentes da quenda de promoción interna na opción xurídica e na opción técnica: Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

- Anexo I. Parte xeral: Suprímese o tema 58.

\* Intervén a representación da organización sindical **CIG**, facendo as seguintes observacións:

- Debe ampliarse o tempo de realización do primeiro exercicio a catro horas. Este exercicio non terá lugar antes do 1 de maio de 2008.

- O segundo exercicio debe ser tipo test.

- O terceiro exercicio tamén debe ser tipo test. De non ser atendida esta petición o tempo de realización ampliarase a dous horas na quenda de promoción interna e a catro horas na quenda de acceso libre.

\* Intervén a organización sindical **CCOO**, facendo as seguintes observacións:

- Alegacións xenéricas:

O 50% das prazas ofertadas deben ser para promoción interna, nun proceso separado do de acceso libre.

O sistema de selección será o concurso-oposición con establecemento previo da nota de corte.

O tempo para realizar as probas tipo test calcularase a razón dun minuto por pregunta.

O terceiro exercicio debe ser tamén tipo test; no caso contrario a lectura realizarase polo tribunal e non polo/a opositor/a.

- A escala de inspección urbanística está incluída nos corpos facultativos e non no corpo xeral. Así resulta da disposición adicional segunda, de creación de determinadas escalas, da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Consonte co anterior, na Relación de Postos de Traballo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes figuran as prazas destinadas á Escala de inspección Urbanística como pertencentes aos corpos especiais.

- Para o exercicio test, debe acoutarse a referencia ao código técnico da edificación á primeira parte, dado que a segunda parte non está vinculada aos cometidos da escala.

- Na quenda de promoción interna, opción técnica, deben suprimirse as normas de dereito positivo e os temas obxecto do proceso de selección anteriormente superado: Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo e temas 35 a 41 da parte específica.

Conclúen recordando que no escrito de alegacións dirixido a Dirección Xeral da Función Pública pormenorizan as súas observacións.

\*Intervén a organización sindical **UGT**, facendo as seguintes observacións:

- A promoción interna será separada.

- O primeiro exercicio sortearase entre varios propostos polo tribunal.

- O número de items debe ser 120 e o tempo de realización 135 minutos.

- As probas non comenzarán antes do 1 de xuño de 2008.

- O/A opositor/a debe ter a posibilidade de elixir cal das probas fai en galego.

- O segundo exercicio debe ser tipo test; de manterse a proba de desenvolvemento posibilitarase o control comparativo.

- Para a realización do exame práctico contarase con materiais bibliográficos e/ou informáticos. Facilitarase acceso a internet.

- O terceiro exercicio tamén debe ser tipo test. A lectura polo/a aspirante non casa coas restantes medidas establecidas para preservar o anonimato; de manterse o desenvolvemento de temas posibilitarase o control comparativo e se a lectura é pública gravarase en vídeo.

- Debería contemplarse que tamén o aspirante que sufra un accidente poda realizar as probas nun lugar alternativo, obter un aprazamento ou ámbalas dúas cousas.

- Deberían valorarse as titulacións que se teñan a maiores -universitarias,...- e os cursos de formación por horas.

\* Intervén a representación da organización sindical **CSI-CSIF**, facendo as seguintes observacións:

-Se remiten as observacións xenéricas para tódalas convocatorias.

- É imprescindible que o sistema de selección debe ser o concurso-oposición.

- A promoción interna realizarase separadamente da quenda libre.

- Reservarase o 50% dos postos ofertados á quenda de promoción.

- Homoxeneizaranse as datas de inicio das probas para tódolos procesos. O 1 de xuño de 2006 lles parece razoable.
- O exame de galego terá carácter ordinario e non técnico.
- A EGAP elaborará os temarios.
- Os temas sortearanse entre os propostos polo tribunal.
- A lectura dos exercicios non se realizará polo opositor.

Insiste en que a Administración razoe a negativa a atender as alegacións ás bases.

\* Intervén o representante da **Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte** manifestando que esperan as alegacións das organizacións sindicais aos temarios para pasalas aos técnicos.

\* Intervén o representante da **Consellería do Medio Rural** manifestando:

- Rexeita a afirmación de que a consellería non revisou os temarios; revisounos en serio.
- Os erros materiais serán corrixidos de inmediato.
- É certo que non se eliminou a referencia ao Infoga aínda que no tema seguinte xa se cita ao Seaga.
- É certo que 11 temas están relacionados con Medio Ambiente pero dos 36 que integran a parte específica 24 son de montes e xestión forestal.
- É certo que parte do tempo adícase á prevención e extinción de incendios pero é máis importante a xestión forestal.

#### **Punto oitavo: Rogos e preguntas.**

\*A representación da organización sindical **CIG**:

- Critica as presas coas que se iniciaron as probas correspondentes ao proceso selectivo para o acceso aos grupos D e E pola quenda libre. A anulación de moitas preguntas foi o resultado da falta de tempo. A Dirección Xeral da Función Pública apurou aos tribunal.
- Exixe á Consellería de Sanidade que cumpra o seu compromiso de revisar as Relacións de Postos de Trballo do persoal da ley 17/1989.
- Preguntan porque se cancelou o curso superior de galego en Vigo.
- Entenden que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debe atender as reivindicacións dos funcionarios que traballan nos centros de ensino.
- Pregunta que previsións existen no desenvolvemento dos proceso selectivo para o acceso aos corpos xerais pola quenda de promoción interna e á Escala de Axentes Forestais

\* A Sra. **subdirectora xeral de Provisión de Postos e Selección do Persoal** responde:

- Ás datas en que se iniciaron as probas para o acceso aos grupos D e E pola quenda libre foron fixadas cara á mellora organizativa.
- As preguntas anuláronse en garantía dos opositores ao entender que a súa formulación daba lugar a interpretacións diferentes.
- Respecto ao desenvolvemento dos procesos en curso, hoxe se publican no DOG as relacións de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o acceso ao grupo D. As relacións de admitidos e excluídos aos procesos selectivos para o acceso aos grupos A, B e C publicaranse proximanente. A



relación das persoas que superaron o proceso para acceso a Escala de Axentes Forestais publicárase seguramente na primeira quincena do próximo mes de xaneiro.

\* A representación da organización sindical **CIG**, aclara que non critican a anulación de preguntas senón a premura da convocatoria.

\*A representación da organización sindical **CCOO**:

- Critica que a Escala de Axentes Forestais sexa a única onde se está pendente de adxudicación de destino. Lembra que o proceso selectivo foi convocado en xaneiro de 2006 e sufriu prórrogas dos prazos previstos para a realización de cada proba. Ademais o tribunal tardou moito tempo en baremar tendo en conta que só se avaliaban o servizos prestados de coarenta persoas.
- Solicita que se constituía unha Mesa na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para estudar a problemática dos funcionarios que traballan nos centros de ensino:

\*A representación da organización sindical **CSI-CSIF** solicita que:

- Os últimos cambios introducidos nas convocatorias pola Administración se fagan chegar á organización á maior brevidade.
- Nas próximas convocatorias os temarios sexan elaborados pola EGAP.
- As propostas de convocatorias podan ser estudadas con máis tempo.
- A Dirección Xeral da Función Pública comunique aos tribunais que as preguntas do test ten que ser curtas e figurar integramente na mesma páxina. Na convocatoria do ano 2006 para o acceso ao grupo A as preguntas eran moi longas e comenzaban nunha páxina para continuar na seguinte o que facía imposible responderlas no minuto previsto para cada unha.
- Se convoque proceso de consolidación de emprego para a Escala de Técnicos Forestais xa que na Consellería de Medio Ambiente se vai facer unha consolidación por concurso ao abeiro da disposición transitoria novena bis. Suliñan que o colectivo de técnicos forestais integra interinos cunha antigüidade de dez anos.

\*O Sr. presidente di que os interinos tiveron o concurso-oposición do ano 2001 para cubrir eses 29 postos de traballo.

\* A representación do **CSI-CSIF** obxecta que foi un proceso selectivo ordinario.

\*O Sr. presidente responde á solicitude de proceso de consolidación para os Técnicos Forestais que se discutirá cando se desenvolva o proceso de consolidación previsto na lei 13/2007 para a consolidación do emprego interino anterior a xaneiro de 2005.

\* A representación da organización sindical UGT pregunta cando se enviarán por escrito as modificacións realizadas pola Administración que foron comunicadas nesta sesión da mesa sectorial.

\* O Sr. **presidente** contesta que hoxe mesmo. As alegacións que se consideren oportunas deberán ser remitidas tamén no día de hoi á Dirección Xeral da Función Pública.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as quince horas do día da data, facendo entrega a representación da organización sindical CIG de dous escritos con alegacións aos

criterios para definir a especial responsabilidade e o carácter directivo de postos de traballo da Xunta de Galicia e ás convocatorias de procesos selectivos, que se incorporan como anexo desta acta xunto coas alegacións previamente remitidas pola organización UGT.

V<sup>a</sup> e praxe,

Dou fe,

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Víncent

M<sup>a</sup> Luisa Cardesín Díaz